

Xoves, 7 de marzo de 2024

Núm. 48

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****MUNICIPAL****TUI****Outros documentos, notificacións e informacións públicas*****APROBACIÓN DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS  
INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE TUI******ANUNCIO******APROBACIÓN DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS***

Por resolución do Concelleiro delegado de Servizos Sociais e Medio Ambiente de data 22/02/2024 que a continuación se transcribe aprobouse o Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais. O Plan estará a disposición dos interesados no portal de transparencia na sede electrónica do Concello de Tui: <https://concellotui.sedelectronica.gal>.

***“RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DE SERVIZOS SOCIAIS E MEDIO AMBIENTE DO  
CONCELLO DE TUI******EXPDTE: 2564/2023*****ASUNTO: APROBACIÓN DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS  
INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE TUI**

Visto o Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Tui, elaborado polos servizos técnicos do SEAGA, e que consta no expediente asinado en data 16/02/2023 pola Enxeñeira Técnica Forestal e en data 17.02.2023 polo Enxeñeiro de Montes.

Visto o informe da enxeñeira técnica forestal e do enxeñeiro técnico agrícola de data 13/12/2023 que consta no expediente e que da o visto bo ao plan anteriormente citado.

Visto o Informe preceptivo e vinculante emitido polo Director Xeral de Defensa do Monte o día 26/01/2024 e recibido no rexistro do concello o 30/01/2024 baixo o número de rexistro de entrada 2024-E-RC-1200 que indica que:

“(…)

***INFORME***

O Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Tui cumpre cos requisitos mínimos establecidos no artigo 16 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, para a súa aprobación.



Xoves, 7 de marzo de 2024

Núm. 48

En consecuencia e en vista do exposto anteriormente, esta Dirección Xeral informa favorablemente a delimitación das redes secundarias de faixas de xestión da biomasa do Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais de Tui, definidas nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable e arredor das edificacións destinadas ás persoas, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasoleneiras e parques e instalacións industriais, tal e como se establece no artigo 21.1. da Lei 3/2007, do 9 de abril.”

En base ao exposto e de conformidade co establecido no artigo 16 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, o Concelleiro delegado de Servizos Sociais e Medios Ambiente, no exercicio das súas funcións e de conformidade coas competencias do art. 21.1. s) da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e en uso das competencias delegadas por resolución de delegación de Alcaldía de 23/01/2024,

*RESOLVO:*

*Primeiro.*— Aprobar o Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Tui, elaborado polos servizos técnicos do SEAGA e que consta no expediente asinado e informado favorablemente pola Dirección Xeral de Defensa do Monte en data 26/01/2024.

*Segundo.*— Publicar o documento aprobado na sede electrónica do Concello de Tui, no Portal de Transparencia.

*Terceiro.*— Dar traslado do acordo á Dirección Xeral de Defensa do Monte e aos servizos municipais competentes nesta materia.

*Cuarta.*— Informar de que contra o presente acto administrativo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer os seguintes recursos en aplicación dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa:

- *Potestativo de reposición*, ante o mesmo órgano que ditou o acordo, no prazo dun mes, contando a partires do día seguinte ó desta notificación.
- *Contencioso-Administrativo*, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, se non se interpuxera o de reposición.

*Quinta.*— Dar traslado da presente resolución ao Pleno Corporativo na vindeira sesión que se celebre.”

O que se fai público para xeral coñecemento de acordo co artigo 45 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Enrique Cabaleiro González, Alcalde.

Documento asinado dixitalmente á marxe.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación:HMCNLWGFAWP5H4OY

